

Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 50, do 10.8.1990.

Emendas, BOPG núm. 60, do 1.10.1990.

Debate de totalidade, DSPG núm. 35, do 9.10.1990.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 118, do 5.3.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 127, do 23.3.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 127, do 23.3.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 67, do 23.4.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 139, do 2.5.1991.

Corrección de erros: BOPG núms. 145, do 21.5.1991, e 165, do 9.7.1991.

Diario Oficial de Galicia núms. 99, do 27.5.1991; 135, do 16.7.1991, e 156, do 16.8.1991.

Boletín Oficial del Estado núm. 234, do 30.9.1991.

Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros

Esta lei foi derogada pola Lei 8/2004, do 30 de xuño, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura en virtude do disposto no artigo 27.15 do seu Estatuto de autonomía e nos termos previstos no Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios do Estado en materia de agricultura, gandería e pesca. Inherente a esa competencia atópase a facultade que lle corresponde ó Parlamento autonómico de legislar sobre as ditas materias (artigo 37.2 do mencionado Estatuto).

A Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños (DOG do 22-6-85), constituíu o primeiro corpo normativo propio da Comunidade Autónoma de Galicia sobre esta materia.

Esta lei recollía o que de positivo tiña a norma estatal —Lei 53/1982, do 13 de xullo, sobre infraccións administrativas en materia de pesca marítima (BOE do 30-7-82—, co obxecto de non provocar unha ruptura traumática coa lexislación ata daquela vixente, incorporando as innovacións consecuentes coa realidade das normas estatutarias exclusivas na

materia e no marco administrativo propio da actividade.

En efecto, o que a Lei 5/1985 traía causa da Lei 53/1982 demostrou non só a similitude dos tipos infractores que se definían no seu texto, senón tamén a invocación expresa da norma estatal nun aspecto tan substancial coma o procedemento sancionador.

A aplicación práctica do texto normativo sancionador propio da Comunidade Autónoma de Galicia ó longo do seu período de vixencia puxo en evidencia a imperiosa necesidade de proceder á súa reforma integral, xa que esta lexislación é insuficiente para conseguir os obxectivos que se pretenden, nomeadamente no que se refire á actividade marisqueira e de cultivos mariños, que cobra unha gran importancia no sector extractivo, así como a erradicación do furtivismo.

Así é, a natural evolución dun sector tan dinámico como o marítimo-pesqueiro e a necesidade de adapta-las súas estruturas organizativas, de xestión e de produción á superior normativa emanada dos órganos da Comunidade Económica Europea esixe a crea-

ción dun cadro normativo autonómico propio que se axeite a esas realidades descritas. Entre ese complexo normativo atópase este texto legal.

O sentido finalista que toda norma sancionadora de carácter administrativo debe procurar é un criterio sostido de forma reiterada e constante na xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Coherente con iso, esta lei ten como finalidade conseguir unha adecuada protección dos recursos marítimo-pesqueiros, mediante unha xestión racional deles.

Supostos infractores que non se tiveron en conta na Lei 5/1985 son engadidos no presente texto normativo, nuns casos ó se tratar de materias novas xurdidas trala entrada en vigor daquela lei —a desviación das axudas e subvencións ó sector ou o falseamento de datos requiridos pola Consellería competente por razón de materia—, noutros polo maior grao de protección ós recursos mariños que esta lei pretende —o vertido ó mar de organismos, substancias ou produtos nocivos para o medio e para os recursos humanos—. Aproveitando a incorporación de novos supostos de infraccións refúndense e sistematízanse os xa existentes co obxecto de conseguir unha norma coherente e homoxénea na súa estrutura.

Esta ampliación da tipoloxía de infraccións á que se alude non significa un maior grao de represión

cá normativa á que substitúe, xa que a carón da actuación represiva, e tanto ou máis importante ca ela, está a preventiva, a través de asesoramentos e orientacións dirixidos ó sector polos axentes de vixilancia e inspección da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Non debe ocultarse tampouco que esta nova lei garante unha maior eficacia no procedemento, ó mesmo tempo que se regula un proceso áxil e non dilatorio que respecta os principios que o Tribunal Constitucional consagra e que deben estar presentes neste tipo de normas sancionadoras, como son a audiencia do interesado, a proposición de probas ou a presunción de inocencia.

O carácter pragmático que se pretende con este novo texto reflíctese ó ter en conta os criterios que modulan e gradúan as sancións. En efecto, a intencionalidade ou a negligencia que se proben no suxeito infractor van establecer distintos graos dentro dunha mesma infracción, coa conseguinte escala de sancións.

O contido normativo desta lei cobre lagoas existentes na lexislación anterior, ó establece-la posibilidade real e efectiva de prescrición de tódalas infraccións se no prazo establecido non se iniciou a actuación administrativa pertinente.

Cómpre salientar, por último, a creación do Rexistro administrativo de sancións, que non só cumpre

a finalidade de poder coñecer-la xestión inherente a este tipo de actuacións, senón que tamén serve para a oportuna toma das decisións que cumpra adoptar tralo resultado que ofrezca o seguimento e a avaliación dos datos fornecidos.

Esta norma respecta, en fin, os principios de legalidade, tipicidade, *non bis in idem*, proporcionalidade, libre acceso á tutela xudicial e ás garantías procedementais e os principios definidores e limitadores da potestade sancionadora dos poderes públicos, ó tempo que non supón ningunha invasión das competencias doutras áreas da Administración.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros.

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1

1. As infraccións cometidas en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños no ámbito de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia serán sancionadas na vía administrativa con suxeición a esta lei e ás normas

reglamentarias que a desenvolvan.

2. Constitúe infracción administrativa nesta materia toda acción ou omisión tipificada como tal nesta lei e nos termos nela establecidos.

Artigo 2

Cando os feitos cometidos ou a omisión de actos debidos poidan ser constitutivos de ilícito penal, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poñerá os coñecementos das autoridades competentes e absterase de resolver mentres que estas non dicten unha sentenza firme ou unha resolución que poña fin ó procedemento, sen prexuízo do exercicio das accións civís e penais que procedan.

Artigo 3

Son suxeitos responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas ou as comunidades de bens que incorran nos accións ou omisións tipificadas como infraccións na presente lei e en particular as seguintes:

1) Os empresarios, traballadores por conta propia ou allea e asimilados, cando actúen con título ou carné profesional.

2) Os transportistas, axentes e en xeral as persoas físicas ou xurídicas que interveñan en operacións de transporte de especies mariñas capturadas en tempo de veda ou de talla inferior á regulamentariamente establecida.

3) Os empresarios de empresas comercializadoras e industrializadoras que vendan ou transformen especies mariñas en veda ou de talla inferior á regulamentariamente establecida.

4) Os empresarios de hostelería que poñan ó consumo especies mariñas en veda ou de talla inferior á regulamentariamente establecida.

5) Calquera outra persoa que sexa considerada como suxeito activo do ilícito.

Capítulo II

Clasificación das infraccións

Artigo 4

As infraccións administrativas que son obxecto desta lei clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 5

Constitúen infraccións leves as seguintes:

1) As accións ou omisións nas que incorran os particulares que impliquen un mero retraso no cumprimento de obrigas de información, comunicación ou comparecencia, cando sexan requiridos polos axentes de vixilancia e inspección, así como as faltas de respecto a eles.

2) As saídas ou entradas no porto antes ou despois do horario establecido regulamentariamente,

agás nos supostos de convenios entre a Administración e as partes afectadas do sector.

3) O incumprimento de obrigas de carácter formal ou das sinalizacións externas que se impoñan regulamentariamente

4) O incumprimento de normas e disposicións vixentes sobre atracada, toma de combustible e movemento interior de buques.

Artigo 6

Considéranse infraccións graves as seguintes:

1) As accións ou omisións que perturben, obstrúan ou impidan de modo grave o exercicio das funcións de inspección ou de vixilancia, así como os insultos e as ofensas graves ós axentes.

2) A comisión reiterada de infraccións leves.

3) O uso ou a mera posesión, cando non se xustifique razoablemente a súa aplicación a mesteres distintos da pesca e do marisqueo, de artes, aparellos e instrumentos prohibidos ou con medidas anti-regulamentarias.

4) A posesión na embarcación de artes de pesca en maior número do autorizado regulamentariamente.

5) A captura de especies mariñas con equipos de respiración autónomos ou con outro tipo de equipos submarinos non autorizados.

6) O incumprimento das disposicións regulamentarias sobre concesións marisqueiras.

7) O exercicio da pesca ou do marisqueo sen a preceptiva licenzia ou permiso, ou o uso indebido destes.

8) A infracción das normas relativas ós topes de capturas regulamentariamente establecidos.

9) Non respecta-los días e horarios de pesca e marisqueo regulamentariamente establecidos.

10) A pesca ou o marisqueo en fondos prohibidos ou en zonas ou épocas vedadas.

11) A utilización de embarcacións con maior potencia cá máxima autorizada regulamentariamente.

12) A captura, tenencia, comercialización, transporte ou industrialización de especies de tamaño inferior ó establecido, segundo os límites e as condicións que se fixen regulamentariamente.

13) A infracción de normas sobre captura, tenencia, comercialización, transporte ou industrialización de especies mariñas vedadas, segundo os límites que se fixen regulamentariamente.

14) A descarga ou a venda en lugares non autorizados, evadindo a normativa de descarga en portos e venda en lonxa de peixes, crustáceos, moluscos e outros produtos do mar, agás nos supostos de convenios ou acordos entre

a Administración e mailas partes afectadas.

15) A captura en pesca deportiva ou de recreo, por persoa e día, de máis peso do autorizado.

16) A comercialización das especies capturadas no exercicio da pesca marítima de recreo ou deportiva.

17) A alteración das características establecidas no correspondente título administrativo que habilita para a explotación de establecementos de cultivos mariños, parques reguladores, depuradoras, cetarias e establecementos análogos, ou bancos naturais, cando supoñan variación das condicións de produción, estabulación ou depuración, sen prexuízo da posible declaración de caducidade.

18) O incumprimento das normas de control da produción e venda das especies mariñas que se atopen nos establecementos de cultivos mariños, parques reguladores, depuradoras, cetarias e establecementos análogos.

19) A falta de auxilio ás autoridades de vixilancia e inspección pesqueira sen xustificación cando sexa requirido nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública que afecten ou causen prexuízo ó medio ou ós recursos mariños.

20) Botar ou verter ó mar organismos, substancias ou produtos que polas súas características biolóxicas ou químicas sexan sus-

ceptibles de lles causar prexuízo ó medio ou ós recursos mariños renovables, de acordo coa valoración de danos que regulamentariamente se determine.

21) Toda omisión ou falseamento grave de datos sobre producións ou venda de produtos obtidos nas actividades pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños, cando sexa obrigada a súa presentación ante a Consellería competente na materia.

22) A non aplicación, o falseamento e a desviación na aplicación de todo tipo de axudas e subvencións que os beneficiarios perciban con cargo ós presupostos da citada Consellería, sempre que non se cualifique como moi grave.

23) Embarcar tripulantes sen estaren debidamente autorizados.

24) A carencia ou o nulo funcionamento do material de seguridade e de salvamento do buque.

25) Realizar faenas de pesca ou marisqueo sen acender ningunha das luces regulamentarias ou acendelas distintas das que corresponden ó tipo de pesca que se realice.

26) O incumprimento das normas relativas á autorización administrativa necesaria para a transferencia da propiedade de artefactos flotantes.

27) O incumprimento das normas que regulan a autorización administrativa para a realización de reparacións, carenado ou des-

mantelamento de embarcacións e artefactos flotantes causándolle dano ó ecosistema.

Artigo 7

Constítúen infraccións moi graves as seguintes:

1) A resistencia reiterada, a coacción, a ameaza, a violencia, o desacato ou calquera outra forma de presión exercida sobre os axentes de vixilancia e inspección no cumprimento das súas funcións.

2) A comisión reiterada de infraccións graves.

3) O emprego de substancias velenosas, corrosivas, explosivas ou contaminantes en labores de pesca ou marisqueo, así como a súa tenencia ou transporte para as devanditas actividades.

4) O emprego en faenas de pesca ou de marisqueo de artes ou de métodos de arrastre, salvo nos casos regulamentados.

5) Impedir ou obstaculizar indebidamente a actividade pesqueira ou marisqueira dos lexitimados para exercela.

6) A introducción de especies ou individuos en establecementos ou en augas do litoral da Comunidade Autónoma galega sen cumprir cos requisitos que regulamentariamente se determinen.

7) A captura, tenencia, comercialización, transporte ou industrialización de especies de tamaño inferior ó establecido, segundo os

límites e as condicións que se fixen regulamentariamente.

8) A infracción de normas sobre captura, tenencia ou comercialización de especies mariñas vedadas, segundo os límites que se fixen regulamentariamente.

9) A instalación ou a explotación de establecementos de cultivos mariños e auxiliares sen contar coa debida concesión, autorización ou licenzia administrativa.

10) A explotación de bancos naturais sen contar coa debida concesión, autorización ou licenzia administrativa.

11) A non aplicación, o falseamento ou a desviación na aplicación de todo tipo de axudas e subvencións que os beneficiarios perciban con cargo ós presupostos da Consellería competente, sempre que non se cualifique como grave.

12) Botar ou verter ó mar organismos, substancias ou produtos que polas súas características biolóxicas ou químicas sexan susceptibles de lles causar prexuízo ó medio ou ós recursos mariños renovables, de acordo coa valoración de danos que regulamentariamente se determine.

13) A poxa por parte de vendedores ou concesionarios de especies vedadas, de tamaño antirreglamentario ou de cantidades que sobrepassen os topes establecidos, sen prexuízo da perda da concesión ou licenzia.

Capítulo III

Sancións, procedemento sancionador

Sección 1.^a

Función inspectora e de vixilancia

Artigo 8

1. As autoridades debidamente acreditadas e os axentes encargados de velar polo cumprimento desta lei levantarán acta, con expresión das circunstancias, dos feitos que puidesen ser constitutivos de infracción, a referencia ó precepto legal infrinxido, así como dos apresamentos, das incautacións ou dos comisos procedentes, e adoptarán as oportunas medidas para o seu depósito, conservación ou aseguramento; e os gastos, se os hai, correrán a cargo da persoa que os causou.

2. Unha copia das actas levantadas seralle entregada ó presunto infractor, ben no acto do levantamento da acta, se é posible, ou ben posteriormente.

Artigo 9

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, corresponderalles ós axentes de vixilancia e inspección pesqueiras a función orientativa ou de asesoramento en todo canto sexa necesario e cando as circunstancias do caso así o aconsellen, para a mellor prevención das posibles infraccións nas materias reguladas nesta lei. Así

mesmo levantarán actas de advertencias que se considerarán como agravante no caso de posterior infracción, cursarán as actas de infraccións, sexan ou non da súa competencia, e remitiranllas á Administración competente.

Artigo 10

1. As actuacións dos particulares que supoñan obstaculización ou obstrución ós labores de vixilancia e inspección por parte dos axentes encargados delas serán sancionadas conforme ó establecido nesta lei.

2. No exercicio das súas funcións, os axentes de vixilancia e inspección poderán reclama-lo auxilio oportuno da autoridade competente.

Artigo 11

1. Levantada a acta, será cursada á Delegación territorial que corresponda, onde se instruírá o procedemento sancionador, calquera que sexa a gravidade e a sanción que presumiblemente se poida impoñer.

2. Iniciado o expediente procederase a:

a) Devolver ó mar as especies vivas vedadas ou de tamaño anti-regulamentario, levantando a oportuna acta e, no caso de que iso non sexa viable, acorda-la súa entrega para consumo a un establecemento benéfico.

b) Depositar ou proceder á venda en poxa pública, segundo as

circunstancias, das especies de tamaño regulamentario non vedadas. Estas ou o importe da súa venda quedarán a resultados do procedemento sancionador. O importe da venda ingresarase na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma ó dispor da autoridade que deba resolve-lo expediente.

c) Incauta-las artes, os aparellos, os utensilios de pesca e marisqueo, os vehículos, as embarcacións ou os equipamentos de todo xénero que fosen utilizados na comisión de infraccións, cando se refira á captura de especies vedadas ou de tamaño inferior ó establecido.

d) Supresión dos dereitos de extracción, transporte e comercialización que puidese ter con anterioridade o infractor.

3. No caso de embarcacións con motor de maior potencia da autorizada paralizárase a súa actividade ata que se repare a dita infracción.

4. As embarcacións, as artes e os aparellos regulamentarios comisados serán liberados sen dilación, logo de fianza ou outra garantía financeira.

Sección 2.^a

Sancións

Artigo 12

1. Cualificadas as infraccións, graduaranse as sancións atendendo

á negligencia, á intencionalidade ou á reincidencia do suxeito infractor, así como á índole ou á transcendencia do prexuízo causado ó medio ou ós recursos mariños.

2. De conformidade cos citados criterios, as sancións imponse nas seguintes contías:

a) As infraccións leves serán sancionadas con multas de 5.000 ata 25.000 pesetas.

b) As infraccións graves sancionaranse con multas de 25.001 a 100.000 pesetas, no seu grao mínimo; de 100.001 a 500.000 pesetas, no seu grao medio; e de 500.001 a 1.000.000 de pesetas, no seu grao máximo.

c) As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 1.000.0001 a 3.000.000 de pesetas, no seu grao mínimo; de 3.000.001 a 6.000.000 de pesetas, no seu grao medio; e de 6.000.001 a 10.000.000 de pesetas, no seu grao máximo.

3. Tratándose de infraccións moi graves, a sanción económica levará aparelhada, así mesmo, a suspensión temporal no exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira, ou o pechamento, se é o caso, do establecemento de cultivos mariños ou auxiliares, durante un prazo non superior a un ano nin inferior a tres meses.

4. En canto á efectividade das sancións aplicarase o que determina o Regulamento xeral de recadación.

Artigo 13

A competencia para a imposición de sancións correspóndelles ós delegados territoriais no ámbito dos cales se cometa infracción cando a súa contía sexa inferior a 500.001 pesetas, ó director xeral competente na materia en sancións de ata 3.000.000 de pesetas e ó conselleiro en sancións de ata 10.000.000 de pesetas.

Artigo 14

1. Existirá reincidencia cando no prazo de un ano desde o levantamento dunha acta de infracción que derive en sanción firme o responsable cometa unha nova infracción de clase igual ou superior á sancionada.

2. Nos supostos de reincidencia, poderase eleva-la contía da sanción que resulte ata o dobre da que corresponda, sen exceder en ningún caso do tope máximo de 10.000.000 de pesetas.

3. Tratándose de infraccións moi graves, a reincidencia poderá levar aparelhada a suspensión temporal no exercicio da actividade pesqueira ou marisqueira, ou o pechamento, se é o caso, do establecemento de cultivos mariños ou auxiliares, durante un prazo non superior a dous anos nin inferior a tres meses, chegando, se é o caso, á iniciación dun expediente de caducidade.

4. Os capitáns ou patróns que reincidisen en infraccións moi graves poderán ser inhabilitados para

o desempeño de todo cargo a bordo de buques de pesca por un período de tempo non superior a un ano nin inferior a tres meses.

Artigo 15

1. Tódalas sancións impostas anotaranse no Rexistro administrativo de sancións, que será único e con seccións nas delegacións territoriais.

2. Así mesmo, as sancións serán anotadas nos documentos administrativos de concesión, autorización, licencia ou rol que serven de soporte legal á actividade pesqueira, marisqueira ou de cultivos mariños exercida polo infractor.

3. As anotacións ás que se refire o punto anterior quedarán sen efecto cando o responsable non cometa ningún tipo de infracción de igual ou superior clase á anotada nun período de dez anos posterior ós asentos efectuados.

Sección 3.^a

Procedemento sancionador

Artigo 16

A tramitación dos expedientes sancionadores axustarase ó seguinte procedemento:

1) Recibida a acta de infracción na Delegación territorial competente, o delegado dictará unha providencia de apertura do procedemento sancionador, no que asemade

designará instructor, ó que se lle dará traslado inmediato do expediente.

2) O instructor notificaralle ó interesado a apertura do procedemento sancionador, ó que lle xuntará unha copia da acta da infracción.

3) A fase probatoria será oral ou escrita, segundo determine o instructor para a mellor e máis áxil resolución do expediente.

a) Se se opta pola vista oral, na mesma notificación comunicárselles ós interesados a data da súa celebración, que será dentro do prazo de dez días hábiles a partir da recepción da acta na Delegación territorial.

b) Se, pola contra, o procedemento é escrito, na mesma notificación daráselle ó interesado un prazo de dez días hábiles para que presente na Delegación territorial as alegacións que conveñan ó seu dereito.

4) Celebrada a vista oral ou recibidas as alegacións por escrito, segundo o caso, o instructor remitiralle a proposta de resolución ó interesado para que no termo de oito días, desde a súa recepción, formule as alegacións que considere oportunas; transcorrido ese prazo, con ou sen alegacións, o instructor remitiralle a proposta de resolución definitiva ó delegado territorial para que a resolva de forma inmediata ou a eleve a quen lle competa a decisión, cando lle

corresponda a órgano distinto.

5) Cando a resolución sexa abolutoria, procederase a devolverlle ó interesado os bens incautados ou as especies comisadas, de ser iso posible, ou, en caso contrario, o seu valor no mercado no momento de instruí-la acta, os xornais perdidos e os posibles danos e perdas.

6) Cando a resolución sexa condenatoria, acordarase a destrución das artes, dos aparellos, dos artefactos e dos instrumentos incautados que sexan cualificados de antirreglamentarios, e levantarase a oportuna acta unha vez executado o acordo.

7) A resolución definitiva notificaráselles ós axentes de vixilancia e inspección que levantasen a acta da infracción.

Artigo 17

Contra as resolucións dictadas polas autoridades facultadas para sancionaren poderanse interpoñer os recursos establecidos na Lei de procedemento administrativo, do 17 de xullo de 1958. A resolución do conselleiro competente na materia poñerá fin á vía administrativa.

Capítulo IV

Da prescrición

Sección 1.^a

Prescrición das infraccións

Artigo 18

1. As infraccións recollidas nesta lei prescribirán:

— Ós dous meses, as leves.

— Ós seis meses, as graves.

— Ó ano, as moi graves.

2. O prazo de prescrición comezará a contar a partir do día en que as infraccións teñan lugar, salvo no caso das que supoñan unha actividade continuada, no que comezará a contar desde que se teña coñecemento delas.

3. A prescrición quedará interrompida coa dilixencia de apertura do expediente, a interposición de denuncia ou o exercicio de calquera acción xudicial.

Sección 2.^a

Prescrición das sancións

Artigo 19

As sancións para facer efectivas as sancións económicas firmes prescribirán na forma e nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación.

Disposición adicional primeira

As actuacións procedementais e complementarias ás que se refire esta lei, referidas a infraccións cometidas no ámbito territorial da provincia de Ourense, tramitaranse na Delegación territorial

da Consellería competente na materia.

Disposición adicional segunda

A contía económica, así como os mínimos e máximos das sancións previstas na presente lei, poderanse actualizar na Lei de presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición transitoria primeira

Os expedientes correspondentes a infraccións cometidas antes da entrada en vigor desta lei continuarán co procedemento sancionador establecido na Lei 5/1985.

Disposición transitoria segunda

Os expedientes ós que se refire a disposición transitoria anterior resolveranse aplicando a Lei 5/1985 ou esta lei, segundo resulte máis favorable unha ou outra para o interesado.

Disposición derogatoria primeira

Quedan derogadas as seguintes disposicións normativas:

— Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños (DOG do 22-6-85).

— Lei 13/1985, do 2 de outubro, de sancións accesorias en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños (DOG do 8-11-85).

— Lei 3/1989, do 20 de abril, de reforma da Lei 5/1985 (DOG do 9-6-89).

Disposición derogatoria segunda

Quedan derogadas así mesmo cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira

Facúltase ós órganos competentes da Xunta de Galicia para dictaren as disposicións que resulten necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de maio 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente